

## **ANUNCIO CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA OU LISTA DE AVOGADA DO CIM**

O Sr. Alcalde, o día 15-01-2025, ditou a resolución con número 28/2025 que de seguido se transcribe:

### **“RESOLUCIÓN**

### **ASUNTO: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA OU LISTA DE AVOGADA CIM PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABAJO**

**EXPEDIENTE:**2022/E001/000012

### **ANTECEDENTES:**

Logo de ver o Decreto número 871/2024 de data 03/12/2024 e asunto “DECRETO DE AUTORIZACIÓN Á CONTRATACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DAS ASPIRANTES ÁS PRAZAS DE: 1 AVOGADA CIM, 1 AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, 1 TÉCNICA ORIENTACIÓN LABORAL E 3 LOCUTORAS DE RADIO”;

#### **“ANTECEDENTES:**

*.- Logo de ver a base décima das bases xerais que deben rexer a convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso-oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público aprobadas por acordo da XGL de data 23/12/2022 e publicadas no BOP nº 246 do 29 de decembro de 2022.*

*.- Logo de ver o resultado final da acta de valoración de méritos de data 25/11/2024 do tribunal de 1 praza de AVOGADA CIM da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022, publicada na sede electrónica do Concello de Melide o 28/11/2024:*

#### **“(…) VALORACIÓN DA FASE DO CONCURSO DE MÉRITOS:**

*O tribunal formula a seguinte puntuación dos candidatos/as por orde decrecente da puntuación obtida:*

NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÉRITOS ACADÉMICOS CURSOS DE FORMACIÓN	TITULACIÓN ACADÉMICA	TOTAL
PAULA PRADO DEL RÍO	66,26	9	0,60	75,86
SILVIA MÍGUEZ PEREIRA	40,42	9	0,20	49,62

*Proponse para a provisión de 1 PRAZA DE AVOGADA DO C.I.M. da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público a PAULA PRADO DEL RÍO co DNI \*\*\*8938\*\*.*

*Quedando na bolsa de emprego segundo a orde de puntuación SILVIA MÍGUEZ PEREIRA co DNI \*\*\*7047\*\* (…)*”.

*Logo de ver que con data 23/12/2024 e nº de rexistro de entrada 5452 Paula Prado del Río co DNI \*\*\*8938\*\* presenta o informe médico para completar a documentación presentada o 19/12/2024 rexistro de entrada nº 5418.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Verificada a concorrencia dos requisitos esixidos nas Bases, en virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Autorizar as contratacións das aspirantes seleccionadas.

**SEGUNDO:** Notificar a presente Resolución ás candidatas seleccionadas, comunicándolles que no prazo máximo de 10 días a contar desde a súa notificación haberán de asinar, para a súa incorporación inmediata, os contratos de traballo con carácter laboral fixo:

- 1 PRAZA DE AVOGADA DO C.I.M.: PAULA PRADO DEL RÍO con DNI \*\*\*8938\*\*  
(...)

**TERCEIRO:** Aprobar a seguinte bolsa de emprego por especialidades:

- 1 PRAZA DE AVOGADA DO C.I.M.: SILVIA MÍGUEZ PEREIRA. (...)”**CUARTO:** publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Melide

**QUINTO:** Dar traslado deste acordo aos servizos municipais correspondentes para que se proceda á formalización dos contratos.”

Logo de ver o contrato de traballo indefinido de Paula Prado del Río de data 30.12.2024, para prestar os seus servizos para o Concello de Melide como avogada do CIM 10 horas á semana, os martes e os venres de 10:00 h a 15:00 h.

Logo de ver a instancia presentada por Paula Prado del Río, en data 30.12.2024 (núm. 202400000005503), coa que achega credencial expedida polo Presidente da Xunta Electoral Provincial da Coruña da súa condición de deputada no Parlamento de Galicia (Eleccións) da súa condición de deputada, solicitando a excedencia forzosa por elección de cargo público.

Logo de ver o Informe favorable da técnica de Administración Xeral de data 09/01/2025 e asunto “EXCEDENCIA FORZOSA POR ELECCIÓN DE CARGO PÚBLICO SOLICITADA POR PAULA PRADO DEL RÍO”.

Logo de ver o Decreto núm. 10/2025 de data 09/01/2025 e asunto “EXCEDENCIA FORZOSA POR ELECCIÓN DE CARGO PÚBLICO SOLICITADA POR PAULA PRADO DEL RÍO”, notificado á interesada en data 10./01/20225 (saída núm. 202500000000092), polo que se resolve:

“**PRIMEIRO:** Con base no informe da Técnica de Administración Xeral, estimando a solicitude formulada por Paula Prado del Río:

- Dispoñer o seu cesamento como persoal laboral do Concello de Melide con efectos do día 30/12/2024. O departamento de intervención tramitará a correspondente baixa na Seguridade Social na conta de cotización.

- Declarar a dita traballadora na situación administrativa de excedencia forzosa por elección para cargo público, na súa actual condición de deputada no Parlamento de Galicia (Eleccións 2024), con efectos económicos e administrativos do día 30/12/2024, con dereito á conservación do posto e ao cómputo da antigüidade durante a súa vixencia. Deberá solicitar o seu reingreso dentro do mes seguinte ao cese no cargo público.

**SEGUNDO:** Unha vez se declare a Paula Prado del Río en situación de excedencia forzosa por elección para cargo público, haberá de acudirse á bolsa de emprego existente para a súa substitución.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo á interesada.

**CUARTO:** Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal aos efectos oportunos.”

Logo de ver a Resolución sobre recoñecemento de baixa e o Informe de Datos para a Cotización-Traballadores por Conta Allea do 14/01/2025, nos que consta Paula Prado del Río de baixa con data de efectos do 30.12.2024 por excedencia.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Dar traslado a intervención a efectos de incorporar o correspondente

certificado de consignación orzamentaria.

**SEGUNDO:** Unha vez incorporado o certificado de consignación orzamentaria, proceder ao chamamento de Silvia Míguez Pereira con DNI \*\*\*7047 para que no prazo máximo improrrogable de 20 días hábiles dende a notificación do presente acordo manifieste o seu interese na praza de AVOGADA CIM en substitución de Paula Prado del Río. Deberá así mesmo acreditar ante a administración, no caso de manifestar o seu interese na praza e dentro do mesmo prazo, con orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo a Silvia Míguez Pereira con DNI \*\*\*7047.

**CUARTO:** Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, mércores 15 de xaneiro de 2025. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García”

-----  
-O que se publica para xeral coñecemento

Melide, mércores 15 de xaneiro de 2025. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.